



OFICIALIA MAIOR
Praza Maior Nº1
32005 - Ourense

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 25 de maio de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

18.- Aprobación da convocatoria pública de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a asociacións sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade no ano 2018. (Expte.2018003048).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (8 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar a convocatoria pública de subvencións para asociacións sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades a prol da igualdade do Concello de Ourense, para o ano 2018.

2.- Aprobar o gasto por importe de 10.000 euros con cargo á partida 150.2312.48949 (con núm. de retención de crédito 201800003566), do orzamento municipal vixente.

3.- Remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) un extracto da convocatoria para a súa publicación no BOP de Ourense, co seguinte contido:

Extracto do acordo da convocatoria pública de subvencións para financiar programas e/ou actividades a prol da igualdade do Concello de Ourense para o ano 2018. (Expte. 2018003048)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>):

Primeiro. Beneficiarias

Poderán acollerse a estas bases reguladoras as asociacións e colectivos integrantes do Consello Municipal da Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes. Adicionalmente tamén poderán concorrer outros colectivos destacados no ámbito da promoción da igualdade de xénero, sempre e cando reúnan as seguintes condicións:

- a) Que sexan asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas con sede social no termo municipal de Ourense e que realicen actividades de interese municipal en materia de xénero e igualdade e se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- b) Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras teñan obxectivos e finalidades acordados coa equidade de xénero (achegárase no momento da solicitude copia dos Estatutos da asociación).

Segundo. Obxecto

Son obxecto desta convocatoria o financiamento dos proxectos de actividades a desenvolver dentro dos límites do termo municipal de Ourense, que persigan algún dos obxectivos e/ou medidas recollidas no III Plan para a Promoción da Equidade de Xénero do Concello de Ourense, e aqueles outros que teñan como finalidade principal potenciar e difundir as actividades de promoción da igualdade, a loita contra a violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral





Concello de **OURENSE**

de mulleres e homes, a coeducación, a corresponsabilidade e calquera outra que evite a perpetuación dos roles tradicionais e os estereotipos sexistas.

Terceiro. Bases reguladoras

As Bases Reguladoras publicadas no BOP de Ourense (núm. 247, do 26 de outubro de 2017), están a disposición dos/as interesados/as na páxina web do Concello (www.ourense.gal) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Cuarto. Cuantía

A cuantía global para esta convocatoria será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 150 2312 48949 do orzamento prorrogado para o exercicio 2018, sendo o importe de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €).

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ourense ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, achegando a documentación requirida nas Bases reguladoras. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

4.- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderease interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

Ourense, na data de sinatura electrónica.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA,

Flora Moure Iglesias

